



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria urgente

Motivo: «derivada de acometer aprobación antes de final de ano de determinados pagos de acordo co principio de anulación orzamentaria.»

Data:

18 de novembro de 2024

Duración:

Desde las 9:40 hasta las 10:45

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	NON





76576366M	Mónica Roca Ares	NON
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. María Guadalupe Prado Tomé:
«Enfermidade»
2. Mónica Roca Ares:
«Vacacións e imposibilidade de asistencia pola premura da sesión»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Ratificación urxencia contrato determinados servizos de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e do BNG adoptou o seguinte acordo:

Ratificar o carácter extraordinario e urxente da aprobación do inicio do expediente do contrato de determinados servizos de axuda no fogar.>>

Expediente 128/2023. Incoación expediente contratación determinados servizos de axuda no fogar (dependencia e libre concurrencia)

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:





INCOACION DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR (MODALIDADE DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA) POR PROCEDIMENTO ABERTO. Expte. 128/2023

Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

PRIMEIRO.-Clase de contrato.

O presente contrato ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 /UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no seu art. 11.1.f) atribúe como unha das funcións dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

Dentro desta prestación e deste marco xurídico, inscríbense os servizos de atención domiciliaria que aínda que dirixidos a toda a poboación, teñen como obxecto prioritario: ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu ámbito habitual.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, ademais do réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en desenvolvemento do previsto no título VIII da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

De conformidade cos artigos 28 e 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público xustifícase a presente contratación na necesidade de prestar un servizo adecuado aos usuarios que o necesitan. Mediante esta fórmula de contratación prestarase o servizo por unha empresa do sector especializada con un funcionamento máis áxil que permita dar reposta as continuas necesidades de persoal por novos usuarios e substitucións temporais urxentes do persoal adscrito ao servizo.

O servizo financiase con apartacións do Concello, da Deputación Provincial de Lugo e da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia no marco dos proxectos anuais de servizos sociais comunitarios municipais (programa de axuda no fogar: prestación básica e dependencia) e aportacións dos usuarios, a través de transferencias finalistas para o seu cofinanciamento de acordo co establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O prezo do contrato ven determinado por o número de horas de prestación do servizo, establecéndose os seguintes prezos máximos unitarios:





•Prezo máximo de licitación do Servizo de Axuda no Fogar de prestación de libre concorrència e dependencia, que corresponde ás horas realizadas de luns a sábado : 22,98 €/hora IVE excluído; 23,90 €/hora IVE engadido.

•Prezo máximo de licitación do Servizo de Axuda no Fogar de prestación de dependencia, que corresponde ás horas realizadas os domingos e festivos, 26,84 €/hora, IVE excluído; 27,91 € hora IVE engadido

Tendo en conta as horas que se prevén necesarias como apoio ao servizo de axuda no fogar que presta o concello de forma directa en función das necesidades que xurdan por baixas, vacacións ou incidencias que se presenten:

Modalidade libre concorrència: 2.844 horas

Modalidade libre dependencia: 11.673 horas (ordinarias 11.373 e domingos e festivos 300).

A estimación de orzamento base de licitación, resulta de aplicar o prezo unitario por hora establecido para os traballos a desenvolver, que se establece nas seguintes contías:

-Modalidade libre concorrència: 65.355,12 €/ano (IVE excluído)

-Modalidade libre dependencia de luns a sábado: 261.351,54 €/ano (IVE excluído)

-Modalidade libre dependencia domingos e festivos: 8.052,00 €/ano (IVE excluído)

Total orzamento base de licitación para un ano sería 334.758,66 € mais 13.400,64 € de IVE

Polo tanto o valor estimado do contrato (que inclúe os dous anos de duración e posibles prórrogas ata un máximo de cinco anos) ascende a 1.673.793,30 euros, sendo o importe del IVA (4%) de 67.003,20 €. Total IVE engadido)= 1.740.796,50 €.

Tendo en conta o valor estimado e do prazo de duración do mesmo (dous anos prorrogables por outro máis ata un máximo de 5), parece que o procedemento máis adecuado para a adxudicación do contrato é o procedemento aberto, sometido a regulación harmonizada e tramitación ordinaria con multiplicidade de criterios de adxudicación. Xustifícase a súa utilización de conformidade co artigo 22,116.4 156 e da LCSP. Os criterios obxectivos e ponderados a ter en conta para adxudicar o contrato determinaranse e xustifícaranse posteriormente.

Tratase dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada cuxo valor estimado é superior a 750.000 € .

SEGUNDO- Xustificación do procedemento aplicable.

A vista das características e do importe do presente contrato optase pola utilización do procedemento aberto regulado nos artigos 156 a 158 da LCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición. A adxudicación realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación obxectivos baseados no principio de mellor relación





calidade-prezo de conformidade co artigo 145.1 da LCSP. Os criterios de adxudicación elixidos perseguen mellorar as condicións económicas e a calidade da prestación do obxecto do contrato. A ponderación da puntuación dos criterios trata de garantir que as ofertas sexan valoradas con obxectividade e transparencia. Neste sentido, aos criterios cuxa valoración depende de xuízos de valor se lles outorga puntuación inferior aos que se valoran matematicamente.

TERCEIRO.- Xustificación da non división en lotes.

De conformidade co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, considérase xustificada a non división en lotes do obxecto do contrato polos seguintes motivos:

-A dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que:

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen substantividade propia de maneira que non é posible su execución/utilización/aproveitamento de maneira separada.

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta.

-O risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que:

- Coa división en lotes do obxecto do contrato perdese a optimización do control da execución global do contrato.

- Coa división en lotes do obxecto do contrato perdese a coordinación da execución das prestacións.

- Coa división en lotes do obxecto do contrato increméntanse os custes de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

Coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprense cos requisitos de procedemento e publicidade establecidos na normativa de contratación, así como cos principios de igualdade e non discriminación.

CUARTO.- Xustificación dos criterios de adxudicación.

A elección dos criterios de valoración realizouse buscando a obxectividade dos mesmos e a fin de axilizar a tramitación do expediente de contratación, establecéndose unha pluralidade





de criterios cos que se pretende conseguir a mellor relación calidade-prezo das ofertas que de cobertura ás necesidades a satisfacer a través do contrato. Acompáñanse criterios cualitativos ao criterio do prezo (no marco do sinalado no art. 145 da LCSP). Os criterios propostos están vinculados ao obxecto do contrato (ao estar vinculados ás prestacións a realizar en virtude do contrato) e resultan acordes aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, contribuindo así mesmo a obter obras de calidade. Así mesmo os criterios propostos permiten que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

Considerando o disposto na Lei de contratos do sector público, aprobado pola Lei 9/2017.

Considerando a atribucións concedida ao alcalde polo artigo 21.1 e ao pleno conforme o artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a proposta de resolución PR/2024/915 de 14 de novembro de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e do BNG adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de contratación coas seguintes características, sen prexuízo de que posteriormente á vista dos informes e pregos de condicións do contrato se poida concretar ou modificar ditos datos iniciais:

Tipo de contrato: administrativo

Subtipo do contrato: servizos suxeito a regulación harmonizada

Obxecto do contrato: “determinados servizo do servizo de axuda no fogar”

Procedemento de contratación: aberto Tipo de Tramitación: ordinaria

Código CPV: 85320000-8 e NUTS:ES112 .

Valor estimado do contrato (sen IVE): 1.673.793,30 euros (cinco anos)

Tipo licitación:

1. Modalidade libre concorrencia: 22,98 euros/hora mais 0,92 euros/hora de IVE
2. Modalidade dependencia de luns a sábado: 22,98 euros/hora mais 0,92 euros/hora de IVE.
3. Modalidade dependencia domingos e festivos: 26,84 euros/hora mais 1,07 euros/hora de IVE

Orzamento anual: 334.758,66 euros + 13.400,64 euros de IVE





Duración da execución: 2 anos prorrogable por tres mais Duración máxima: 5 anos

División en lotes: non Número de lotes:

Observacións:

Horas anuais estimadas:

- Modalidade libre concorrencia: 2.844 horas
- Modalidade dependencia (de luns a sábado): 11.373 horas
- Modalidade dependencia (domingos e festivos): 300 horas

SEGUNDO.- Xustificase a necesidade da realización do presente contrato e a insuficiencia de medios de acordo cos artigos 28.1 e 116.1 e 116.4 e) e f) da LCSP polos seguintes motivos:

- O servizo a contratar é necesario para conseguir a seguinte finalidade de interese público: a competencia municipal ven recollida no artigo 64 bis 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizo Sociais, modificación introducida pola da Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas, que no seu teor literal di: “Conforme a lo establecido en la legislación de régimen local y en la Ley 5/2014, de 27 de mayo, de medidas urgentes derivadas de la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, las competencias que corresponden a los ayuntamientos en materia de creación, gestión y mantenimiento de los servicios sociales comunitarios en virtud de lo dispuesto en el artículo 60 de esta ley, tienen el carácter de competencias propias atribuidas por la legislación autonómica, por lo que para el ejercicio de tales competencias por los ayuntamientos no serán exigibles los informes que prevé el artículo 3 de la Ley 5/2014, de 27 de mayo, para el caso de ejercicio de competencias distintas de las propias y de las atribuidas por delegación”
- No cadro de persoal non hai suficientes postos de traballo para realizar o obxecto do contrato e non se pode contratarse novo persoal de acordo coas limitacións da LPXE, polo que óptase por contratar os servizos dunha empresa especializada no sector.

TERCEIRO.- Que se por secretaría se emita informe xurídico e se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e pola Traballadora Social correspondente se redacten os pregos de prescrición técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación así como informe de insuficiencia de medios ao tratarse dun contrato de servizos.

CUARTO.- Que por intervención municipal se acredite a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato, e que emita un informe sobre a fiscalización previa.

QUINTO. Comunicarlle o presente acordo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.>>





Aprobación ratificación urxencia suplemento 4-2024

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e do BNG adoptou o seguinte acordo: Tramitar a modificación de crédito coa máxima celeridade posible para facela efectiva neste ano 2024, o que se considera URXENTE para evitar incluír ditas facturas nun recoñecemento extraxudicial de créditos e posto que dita tramitación implica un procedemento complexo que obriga a tramitalo de xeito inmediato e sen demoras, ante a inminencia do remate do ano en curso.>>

Expediente 1143/2024.MODIFICACION DO ORZAMENTO DO ANO 2024. ANULACIÓN PARCIAL SUPLEMENTO 1-2024 E AROBACION SUPLEMENTO 4-2024

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 3, Abstencións: 1, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR ANULACION PARCIAL DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1-2024 E APROBACION DO SUPLEMENTO 4-2024.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en suplemento de crédito por importe de 29.534,20 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Considerando que no suplemento de crédito 1-2024 se aprobou a modificación da aplicación orzamentaria 450.61900 por importe de 29.534,20 euros correspondente a aportación municipal para a realización da citada obra, da que se desiste. Polo que non é necesaria a citada consignación para este exercicio 2024

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.





Vista a proposta de resolución PR/2024/913 de 14 de novembro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 14 de novembro de 2024.

Resolución:

Detectado erro na proposta procédese a lectura correcta do punto segundo da mesma, de modo que o importe sería o de 29.534,20.

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e coa abstención do BNG adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a anulación parcial da modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito 1/2024 polo importe total de 29.534,20 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais:

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Urbanización da rúa Perexil e conexión coas rúas de enlace. Aportación municipal.	29.534,20	450.61900
TOTAL	29.534,20	

INGRESOS:

APLICACION	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesouraría para gastos xerais.	29.534,20

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito 2/2024 polo importe total de 29.534,20 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais:

GASTOS

Servizo de limpeza en instalacións municipais	4.900,00	920.22700
Servizo de conserxería no CEIP Lagostelle	3.800,00	326.22799
Actividades para festas en Parga	1.236,02	338.22799
Reparación de robor de limpeza de piscina municipal	655,06	342.2130





		0
Subministro e instalación de alarma Central AJAX en piscina municipal	1.336,46	342.22199
Servizo de telefonía do concello	6.000,00	920.22200
Servizo de seguro de responsabilidade civil do concello	5.832,09	920.22400
Servizo de subministro de enerxía eléctrica	5.774,57	920.22100
TOTAL	29.534,20	

INGRESOS:

APLICACION	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesouraría para gastos xerais.	29.534,20

TERCEIRO. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

CUARTO..- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>

Aprobación ratificación urxencia modificación bases de execución do presuposto.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 1, Abstencións: 3, Ausentes: 0

<< Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, coa abstención do PP e cos votos en contra do BNG e adoptou o seguinte acordo: Tramitar a modificación das bases de execución coa máxima celeridade posible para facela efectiva neste ano 2024, o que se considera URXENTE para evitar incluír ditas facturas nun recoñecemento extraxudicial de créditos e posto que dita tramitación implica un procedemento complexo que obriga a tramitalo de xeito inmediato e sen demoras, ante a inminencia do remate do ano en curso.>>





Expediente 974/2023. MODIFICACION DAS BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO XERAL DO ANO 2024.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: Expediente de modificación da base nº 38 das bases de Execución do orzamento xeral do concello para o ano 2024

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de inicio de 05/11/2024 para incoar o correspondente expediente para a aprobación da modificación das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2024..

Considerando que existe crédito adecuado e suficiente con cargo a aplicación 326.481.00 na bolsa de vinculación 4.6 polo menor importe de axudas de material escolar concedidas respecto ao gasto aprobado inicialmente. Esa minoración permite o aumento das subvencións nominativas a ANPA de Santo Estevo de Parga que se incrementa en 200 euros e a Asociación Educando en familia que se incrementa en 1.500 euros sobre as cantidades que xa teñen concedidas

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para este exercicio.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

Vista a proposta de resolución PR/2024/914 de 14 de novembro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 14 de novembro de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e do PP e coa abstención do BNG adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da base de execución nº 38 no apartado 13 do orzamento xeral para o ano 2023, que queda redactado có seguinte tenor literal:





“13. De conformidade co esixido polo artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, enuméranse de seguido as entidades en relación coas cales se prevé a concesión de subvención nominativa:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE (€)
326.48100	Asociación Educando en Familia (G27437581)	Programa de Intervención Educativa Familiar (0 a 6 anos).	6.100,00
326.48100	ANPA Lagostelle (G27133040)	Gastos correntes para organización de actividades	600,00
326.48100	ANPA Santo Estevo de Parga (G27201037)	Gastos correntes para organización de actividades	3.700,00
340.48900	Sociedade Deportiva Guitiriz (G27151505)	Gastos correntes para organización de actividades deportivas	1.500,00

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	<i>OBXECTO E FINALIDADE</i>	<i>IMPORTE (€)</i>
334.48902	Asociación Cultural Xermolos (G27014885)	<i>Gastos correntes para organización de actividades</i>	<i>6.000,00</i>
334.48902	Asociación Cultural Os Villares (G27118355)	<i>Gastos correntes para organización de actividades</i>	<i>100,00</i>
334.48902	Asociación As Calzadas do Buriz. (G27328319)	<i>Gastos correntes para organización da "Romería de San Nicolás".</i>	<i>900,00</i>
334.48902	Asociación Cultural Ecuestre Cabaleiros do Buriz (G27505973)	<i>Gastos correntes de organización da "Festa de recuperación do Samain".</i>	<i>400,00</i>
334.48902	Asociación Equestre de Guitiriz (G27433317)	<i>Gastos ordinarios e de actividades para a organización de rutas ecuestres.</i>	<i>900,00</i>
334.48902	Asociación de músicos da Banda Municipal de Guitiriz (MUBAGUI) (G27441773)	<i>Gastos ordinarios e de actividades para actuacións musicais</i>	<i>1.200,00</i>
334.48902	Asociación de Amas de Casa y Consumidores BRUMA Lagostelle. (G27263474)	<i>Gastos correntes para organización de actividades</i>	<i>700,00</i>
334.48902	Asociación Cultural Feira dos Callos de Parga (G27294636)	<i>Gastos correntes para organización do Festival Rock</i>	<i>1.500,00</i>





338.4 8900	Asociación de Hostaleiros de Guitiriz (G27462787)	<i>Gastos de publicidade da organización do concurso de tapas .</i>	<i>1.50 0,00</i>
340.4 8900	Clube Ciclista BTTEIROS Cova da Serpe. (G27463306)	<i>Gastos correntes para organización de actividades deportivas</i>	<i>900, 00</i>
340.4 8900	Club Tiro con Arco de Guitiriz	<i>Gastos correntes para organización de actividades deportivas</i>	<i>600, 00</i>
340.4 8900	Asociación Deportiva e Cultural San Xoán de Guitiriz	<i>Gastos correntes para organización de actividades deportivas</i>	<i>900, 00</i>
334.4 8902	Cáritas Parroquial San Juan de Lagostelle de Guitiriz	<i>Gastos correntes para organización de actividades</i>	<i>600, 00</i>
334.4 8902	Asociación O Txoko de Parga	<i>Gastos correntes para organización de actividades</i>	<i>600, 00</i>

Segundo. Expoñer ao público a modificación das bases de execución do orzamento, polo prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos no concello, aos efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Terceiro. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.>>

Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:

**SHA512-
bd08ac6f178670164494c0b3b5cc8a5d2620c0f6c714888986df1cff2fffd3a4b
39c665419ebdf2a57b8d940d81d4d84311292736cde4999130f72602255167b**

O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:

<https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=ODhkNDJjMzYtM2UwYS00ZTlyLTImMGUtMWQ1ZjYyNTYxZTM2>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos





DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

